



# Concello de Cee

ACTA Nº 2022/15

## SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE, venres 30 de decembro de 2022 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

ALCALDESA: MARGARITA LAMELA LOUZÁN
<b>CONCELLEIROS/AS:</b> RUBEN VILLAR AGULLEIRO
EMILIA M <sup>a</sup> TRILLO LOJO
JUAN MANUEL BUITURÓN CARBALLO
ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA
M <sup>a</sup> VICTORIA AREAS POSE
AGUEDA DÍAZ MEJUTO
PILAR IGLESIAS LEMA
CARMEN DÍAZ FREIRE
SARA BEIRO BLANCO
SERXIO DOMÍNGUEZ LOURO
CÉSAR F. PÉREZ MARTÍNEZ
JUAN RAMÓN HERMIDA FANDIÑO
<b>SECRETARIA</b> ROCÍO HERMIDA CANCELA
<b>INTERVENTORA</b> ROSA M <sup>a</sup> FERNÁNDEZ CANOSA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

### A) PARTE RESOLUTIVA

1. **Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:**

\* **Borrador da sesión extraordinaria celebrada o 9 de decembro de 2022.**

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos concelleiros/as presentes na sesión neste momento (12).



# Concello de Cee

**A Sra alcaldesa declara aprobada por unanimidade (98.4 do ROF e 23.5 do ROM).**

## DA COMISIÓN INFORMATIVA DE SEGUIMIENTO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS PÚBLICOS.

- 2. Proposta da alcaldía relativa á estimación parcial da solicitude de D. Andrés Eirís Barca, en representación de VIRAXES SL, presentada o 07/11/2022 con NRE 202299900001605. EXPEDIENTE Nº 2017/C004/000004.**

### Considerando o seguinte:

Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Seguimento de Concesións Administrativas e Servizos Públicos o día luns 26 de decembro de 2022 emitíuse o seguinte **DITAME**:

**“2. Proposta da alcaldía relativa á estimación parcial da solicitude de D. Andrés Eirís Barca, en representación de VIRAXES SL, presentada o 07/11/2022 con NRE 202299900001605. EXPEDIENTE Nº 2017/C004/000004.**

Considerando a seguinte:

### “PROPOSTA ALCALDÍA

**ASUNTO:** Estimación parcial da solicitude de D. Andrés Eirís Barca, en representación de VIRAXES SL, presentada o 07/11/2022 con NRE 202299900001605 .  
**EXPEDIENTE Nº 2017/C004/000004.**

**Considerando** a solicitude de D. Andrés Eirís Barca, en representación de VIRAXES SL, presentada o 07/11/2022 con NRE 202299900001605 , na que solicita:

“(…)EXPONE En relación ao expediente 2017/c0004/000004 e facendo referencia ao cláusula 15ª en canto a retribución do adxudicatario: "Consistirá nos seguintes ingresos: - Ingresos, suxeitos a tarifa que serán aprobados, ou no seu caso modificados polo Concello, entre as que corresponden a socios, abonos mensuais, cursiños de natación, participación en actvs concretas, entradas puntuais, podranse fixar outras tarifas por servizos específicos non previstos anteriormente. Estas tarifas serán incrementadas anualmente polo IPC anual tomando como referencia o día do inicio da actividade e en relación ao exercizo anterior e co límite máximo establecido no TRLCSP... O inicio da actividade foi o 10 de outubro de 2018. Según o INE o incremento do IPC entre outubro de 2021 e outubro de 2022 foi dun 1,9 %

SOLICITA Aprobar por parte do Concello de Cee a subida do 1,9 % das tarifas, en matrículas, abonos, cursos, entradas e bonos. (...)”

**Considerando** o informe emitido polo responsable do contrato, en data 13 de decembro de 2022, do seguinte tenor literal:

**“Manuel Calo Canosa con nº DNI 76366973G, como técnico de deportes do Concello de Cee, e**



## Concello de Cee

responsable da supervisión do contrato do *SERVIZO PÚBLICO DA PISCINA MUNICIPAL DE CEE E OUTRAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS*.

Vista a solicitude presentada o 07/11/2022 e NRE 20229990001605 por don Andrés Eirís Barca con nº DNI 76319632S, en representación da empresa encargada da xestión da Piscina Municipal de Cee (VIRAXES S.L. nº NIF B70213061).

### **INFORMO:**

Que de acordo ao establecido na **cláusula 15ª. Retribución do adxudicatario** do CONTRATO DE ADXUDICACIÓN NA MODALIDADE DE XESTIÓN INTERESADA DO SERVIZO DA PISCINA MUNICIPAL E OUTRAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE CEE (expediente 2017/C0004/000004):

"[...] Estas tarifas serán incrementadas anualmente con el IPC anual tomando como referencia el día de inicio de la actividad y en relación al ejercicio anterior y con el límite máximo establecido en el TRLCSP [...]"

Sendo a variación do Índice Xeral nacional segundo o sistema IPC base 2021 dende **outubro de 2021** ata **outubro de 2022= 7,3** porcentaxe (%).

Polo que débese atender a solicitude presentada pola empresa xestora da Piscina Municipal de Cee. E para que así conste, asino o presente no lugar e data abaixo indicados.

En Cee, na data da sinatura electrónica  
O técnico de deportes municipal  
Asdo. Manuel Calo Canosa  
(Colexiado nº 11178)".

Visto o informe conxunto emitido pola Secretaria e Interventora municipal, en data 13 de decembro de 2022, que se reproduce:

### **"INFORME DE SECRETARÍA E INTERVENCIÓN RELATIVO Á MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN INTERESADA DO SERVIZO DA PISCINA MUNICIPAL E OUTRAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE CEE A INSTANCIA DE VIRAXES SL.**

Rocío Hermida Cancela, Secretaria Municipal e Dª Rosa Mª Fernández Canosa, Interventora Municipal, emiten o seguinte **INFORME:**

#### **ANTECEDENTES**

1. Prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas do servizo.
2. Contrato administrativo de data 10 de outubro de 2018.
3. Solicitude de don Andrés Eirís Barca asinada en data 07/11/2022
6. Informe técnico de data 13 de decembro de 2022, emitido polo Responsable do contrato.

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.
- Regulamento xeral lei de contratos.
- TRLCSP (Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro).
- Disposición transitoria primeira TRLCSP.

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

**PRIMEIRO.-** Solicitude de D. Andrés Eirís Barca, en representación de VIRAXES SL, presentada o 07/11/2022 con, que pretende a modificación de diversos aspectos relativos á xestión da piscina



## Concello de Cee

municipal.

Facendo a seguinte PROPOSTA:

En relación ao expediente 2017/c0004/000004 e facendo referencia ao cláusula 15ª en canto a retribución do adxudicatario: "Consistirá nos seguintes ingresos: - Ingresos, suxeitos a tarifa que serán aprobados, ou no seu caso modificados polo Concello, entre as que corresponden a socios, abonos mensuais, cursiños de natación, participación en actvs concretas, entradas puntuais, podranse fixar outras tarifas por servizos específicos non previstos anteriormente. Estas tarifas serán incrementadas anualmente polo IPC anual tomando como referencia o día do inicio da actividade e en relación ao exercizo anterior e co límite máximo establecido no TRLCSP... O inicio da actividade foi o 10 de outubro de 2018. Según o INE o incremento do IPC entre outubro de 2021 e outubro de 2022 foi dun 1,9 %

Polo exposto solicita:

Aprobar por parte do Concello de Cee a subida do 1,9 % das tarifas, en matrículas, abonos, cursos, entradas e bonos.

**SEGUNDO.-** Consta informe emitido en data 13 de decembro de 2022, polo responsable do contrato, que conclúe:

Que de acordo ao establecido na cláusula 15ª. Retribución do adxudicatario do CONTRATO DE ADXUDICACIÓN NA MODALIDADE DE XESTIÓN INTERESADA DO SERVIZO DA PISCINA MUNICIPAL E OUTRAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE CEE (expediente 2017/C0004/000004): "[...] Estas tarifas serán incrementadas anualmente con el IPC anual tomando como referencia el día de inicio de la actividad y en relación al ejercicio anterior y con el límite máximo establecido en el TRLCSP [...]" Sendo a variación do Índice Xeral nacional segundo o sistema IPC base 2021 dende outubro de 2021 ata outubro de 2022= 7,3 porcentaxe (%).

Polo que se debe atender á solicitude presentada pola empresa xestora da Piscina Municipal de Cee.

**TERCEIRO.-** Considerando que o PCAP remite ó TRLCSP (RDL 3/2011 vigor no momento da adxudicación), a Modificación de contratos ven regulada no artigo 106:

### **Artículo 106 Modificaciones previstas en la documentación que rige la licitación**

Los contratos del sector público podrán modificarse siempre que en los pliegos o en el anuncio de licitación se haya advertido expresamente de esta posibilidad y se hayan detallado de forma clara, precisa e inequívoca las condiciones en que podrá hacerse uso de la misma, así como el alcance y límites de las modificaciones que pueden acordarse con expresa indicación del porcentaje del precio del contrato al que como máximo puedan afectar, y el procedimiento que haya de seguirse para ello.

A estos efectos, los supuestos en que podrá modificarse el contrato deberán definirse con total concreción por referencia a circunstancias cuya concurrencia pueda verificarse de forma objetiva y las condiciones de la eventual modificación deberán precisarse con un detalle suficiente para permitir a los licitadores su valoración a efectos de formular su oferta y ser tomadas en cuenta en lo que se refiere a la exigencia de condiciones de aptitud a los licitadores y valoración de las ofertas.

O PCAP que rexeu a contratación sinala como na súa cláusula 15 que a retribución do adxudicatario consistirá nos seguintes ingresos:

- *Ingresos suxeitos a tarifa que serán aprobados, ou no seu caso modificados polo Concello, entre as que corresponden a socios. Abonos mensuais, cursos de natación, participación en actividades concretas, entradas puntuais. Poderanse fixar outras tarifas por servizos específicos non previstos*



## Concello de Cee

anteriormente. Estas tarifas serán incrementadas anualmente co IPC anual tomando como referencia o día de inicio da actividade e en relación ao exercicio anterior e co límite máximo establecido no TRLCSP.

**CUARTO.-** en canto ó procedemento aplicable, o artigo 106 reza así:

### **Artículo 108 Procedimiento**

1. En el caso previsto en el artículo 106 las modificaciones contractuales se acordarán en la forma que se hubiese especificado en el anuncio o en los pliegos.

2. Antes de proceder a la modificación del contrato con arreglo a lo dispuesto en el artículo 107, deberá darse audiencia al redactor del proyecto o de las especificaciones técnicas, si éstos se hubiesen preparado por un tercero ajeno al órgano de contratación en virtud de un contrato de servicios, para que, en un plazo no inferior a tres días, formule las consideraciones que tenga por conveniente.

3. Lo dispuesto en este artículo se entiende sin perjuicio de lo establecido en el artículo 211 para el caso de modificaciones que afecten a contratos administrativos.

**QUINTO.-** En relación as proposta sinalase a tarifa resultante no Anexo I.

**SEXTO.-** Reitíranse os informes xurídico e de fiscalización derivados do expediente de contratación, en especial os relativos á natureza destes ingresos e a súa adecuación á natureza tributaria dos mesmos.

**SÉTIMO.-** No relativo ao órgano competente, é o Pleno da Corporación dado que foi o órgano de contratación que adxudicou o contrato no seu día.

**OITAVO.-** Conforme regula o artigo 108 TRLCSP, o procedemento que se instrúa para a modificación contractual deberá darse audiencia ao adxudicatario do contrato: VIRAXES S.L

### **CONCLUSIÓN:**

Polo exposto, as informantes consideran que procede a **estimación parcial** ( posto que o solicitante pretende o incremento polo IPC de 1.9 cando o establecido polo INE é de 7,3 de outubro de 2021 a outubro de 2022 segundo certificación acreditativa) da solicitude dado que non supón merma dos ingresos para o Concello dado o carácter deficitario do mesmo e que son cambios contemplados polo prego ( *en concreto na cláusula 15*) sen prexuízo dos informes realizados no seu día co motivo da aprobación do expediente citado e actuacións posteriores.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Secretaria Municipal

Interventora Municipal. (...)"

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** ao **PLENO DA CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.- Estimación parcial** da solicitude de D. Andrés Eirís Barca, en representación de VIRAXES SL, presentada o presentada o 07/11/2022 con NRE 202299900001605, e en consecuencia un incremento das tarifas conforme o IPC (7,3 non 1.9), que se traduce nas seguintes contías:

### **ABONOS INSTALACIÓN**



## Concello de Cee

TIPOS		
INDIVIDUAL		FAMILIAR
<b>MATINAL (MINI) FIN DE SEMANA 3ª IDADE XUVENTUDE DISCAPACITADO</b>	<b>ADULTO (MAXI)</b>	<b>FAMILIAR</b>
Cota de entrada (matrícula) 25,60 €	Cota de entrada (matrícula) 25,60 €	Cota de entrada (matrícula) 25,60 €
<b>Cota mensual 18,62 €/mes</b>	<b>Cota mensual 30,41 €/mes</b>	<b>Cota mensual 36,48 €/mes</b>

- **ABONO INDIVIDUAL ADULTO (MAXI):** persoa maior de 18 anos que fai uso das instalacións sen limitacións de días e en toda a súa franxa horaria.
- **ABONO INDIVIDUAL 3ª IDADE:** persoa maior de 65 anos que fai uso das instalacións sen limitacións de días e en toda a súa franxa horaria.
- **ABONO INDIVIDUAL XUVENTUDE:** persoa menor de 18 anos que fai uso das instalacións sen limitacións de días e en toda a súa franxa horaria.
- **ABONO INDIVIDUAL MATINAL (MINI):** persoa maior de 18 anos que fai uso das instalacións de luns a venres en horario de 08:00 a 14:00 horas.
- **ABONO INDIVIDUAL FIN DE SEMANA:** persoa maior de 18 anos que fai uso das instalacións os venres de 16:00 a 22:00 horas, o sábado e o domingo.
- **ABONO INDIVIDUAL DISCAPACITADO:** persoa cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33%, que fai uso das instalacións sen limitacións de días e en toda a súa franxa horaria.
- **ABONO FAMILIAR:** cabeza de familia que pode incluír no seu abono a cónxuxe e fillos menores de 18 anos, que fan uso das instalacións sen limitacións de días e en toda a franxa horaria. Os fillos ao cumprir os 18 anos, deberán inscribirse nunha das modalidades individuais, sen ter que abonar cota de entrada.

### O abono da dereito a:

- BAÑO LIBRE.
- MUSCULACIÓN CON MONITOR DE SALA.
- 25% DESCONTO EN CURSOS.
- SAUNA.
- HIDROMASAXE.
- DESCONTOS EN SOLARIUM.
- DESCONTOS EN MATERIAL DEPORTIVO.
- ASESORAMENTO TÉCNICO



## ENTRADAS E BONOS

TIPOS			
1 HORA DE UTILIZACIÓN	PREZO	SEN LIMITACIÓN DE TEMPO	PREZO
Entrada ximnasio +18 e -65 anos	2,95 €	Entrada total +18 e -65 anos	4,67 €
Entrada piscina +18 e -65 anos	3,06 €	Entrada total -18 e +65 anos	3,74 €
Entrada piscina -18 e +65 anos	2,00 €	Bono 10 sesións +18 e -65 anos	42,06 €
Bono 10 sesións ximnasio	17,93 €	Bono 10 sesións -18 e +65 anos	33,65 €
Bono 20 sesións ximnasio	34,57 €		
Bono 10 sesións piscina -18 e +65	11,93 €		
Bono 10 sesións piscina +18 e -65	21,20 €		
Bono 15 sesións piscina -18 e +65	15,91 €		
Bono 15 sesións piscina +18 e -65	27,82 €		
Bono 20 sesións piscina -18 e +65	19,87 €		
Bono 20 sesións piscina +18 e -65	34,46 €		
Bono 30 sesións piscina -18 e +65	27,82 €		
Bono 30 sesións piscina +18 e -65	45,72 €		

- A entrada puntual e o bono piscina dan dereito a utilizar piscina e sauna.

## SOLARIUM

ABONADOS	PREZO
1 sesión	3,97 €
Bono 10 sesións	31,79 €

- O solarium, masaxe e fisioterapia terán que solicitarse de forma anticipada.

## ALUGUERES/RESERVAS

INSTALACIÓN	TEMPO	PREZO
Sala de actividades (zona de seco)	1 hora	19,80 €
Estaxe/rúa piscina grande	1 hora	22,62 €
Piscina pequena	1 hora	28,27 €

## COLECTIVOS ESPECIAIS (APEM E ASPADEX). CURSOS CON MONITOR MENSUAL

CURSO ALUMNO/A APEM OU ASPADEX	
TEMPO	PREZO
1 hora/semana	7,48 €
2 horas/semana	14,95 €
3 horas/semana	22,43 €

## ASOCIACIÓN/COLEXIOS/GRUPOS ORGANIZADOS



1 MES/ALUMNO	
TEMPO	PREZO
45 minutos/1 hora	9,35 €
<i>Estes grupos non abonan cota de entrada (matrícula).</i>	

## CURSOS

### CURSOS SECO

CURSOS SECO	TEMPO	PREZO	
		ABONADOS	NON ABONADOS
Actividade dirixida seco	1 hora/semana	7,96 €	11,93 €

### CURSOS PISCINA

CURSOS PISCINA	TEMPO	PREZO	
		ABONADOS	NON ABONADOS
Natación infantil (0-16 anos)	1 hora/semana	6,63 €	9,96 €
Natación adulto (inic. e perfec.)	1 hora/semana	7,96 €	11,93 €
Natación 3ª idade	1 hora/semana	6,63 €	9,96 €

- *O incremento do número de horas semanais dará lugar ao incremento na tarifa aplicada.*

## PUBLICIDADE EN PISCINA

PUBLICIDADE ESTÁTICA	
DIMENSIÓN	PREZO
Anuncio 2x1 m.	79,52 €
Anuncio 1x5,5 m.	39,77 €

## ACTIVIDADES ESPECIAIS

### ADESTRAMENTOS PERSOAIS E PREVENCIÓN DE LESIÓN

SESIÓN/TEMPO	PREZO	
	ABONADOS	NON ABONADOS
1 sesión (1 hora)	14,02 €	23,38 €
Bono 5 sesións	60,75 €	107,50 €
Bono 10 sesións	112,16 €	187,62 €

*Sesións individuais impartidas por licenciado en CAFYD especializado en adestramentos persoais e prevención de lesións.*

### REEDUCACIÓN FUNCIONAL E READAPTACIÓN DEPORTIVA

SESIÓN/TEMPO	PREZO	
	ABONADOS	NON ABONADOS
1 sesión (1 hora)	18,69 €	28,05 €
Bono 5 sesións	84,13 €	126,20 €
Bono 10 sesións	140,20 €	210,31 €

*Sesións individuais impartidas por licenciado en CAFYD especializado en adestramentos persoais e*





prevención de lesións.

## PRESCRICIÓN EJERCICIO TERAPÉUTICO INDIVIDUAL

SESIÓN/TEMPO	PREZO	
	ABONADOS	NON ABONADOS
1 sesión (1 hora)	26,83 €	40,24 €
Bono 5 sesións	120,71 €	181,07 €
Bono 10 sesións	222,65 €	333,97 €

*Sesión individual impartida por un CAFYD/fisioterapeuta con formación complementaria en prescripción de ejercicio terapéutico (certificado Proelite Recovey System ou equivalente).*

## CUMPREANOS CON INCHABLES ACUÁTICOS

Nº NENOS/AS	ACTIVIDADE	PREZO
Ata 10 nenos/as	1 monitor - 1 inchable	113,09 €
De 11 a 19 nenos/as	1 monitor - 1 inchable	113,09 € + 9,05 € a partir de 11
20 nenos/as ou máis	2 monitores - 2 inchables	1 13,09 € + 9,05 € a partir de 11

## CAMPUS MULTIDEPORTE SEMANA SANTA

DÍAS/HORARIO	PREZO	
	ABONADOS	NON ABONADOS
4 días de 10 a 14 horas	22,62 €	45,24 €

*ACTIVIDADES: xogos, inchables, natación, deportes de loita, clases dirixidas con soporte musical, obradoiros, saídas...*

## CAMPUS MULTIDEPORTE VERÁN

DÍAS/HORARIO	PREZO	
	ABONADOS	NON ABONADOS
Quincenas de luns a venres de 10 a 14 horas	56,55 €	113,09 €

*ACTIVIDADES: xogos, inchables, natación, deportes de loita, clases dirixidas con soporte musical, obradoiros, saídas...*

*Descontos dun 10% para quen faga máis dunha quincena e por irmán.*

**SEGUNDO.**- Notificar ao interesado coa indicación expresa de que o acordo pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Pleno deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.  
Asinado dixitalmente ao marxe.  
Alcaldesa do Concello de Cee.  
Margarita Lamela Louzán.”

**Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.**

Asinado dixitalmente o marxe.  
A secretaria, Rocío Hermida Cancela.”

## -----INTERVENCIÓNS-----

Sra alcaldesa intervén e di que xa coñecen a proposta é a subida do IPC conforme se fai todos os anos.

Sra Iglesias Lema: pola nosa parte vamos a votar a favor porque como ven din o técnico de deportes o IPC ven marcado polo ministerio, así o di secretaria e intervención e conforme o contrato de adjudicación que se incrementaran as tarifas anualmente conforme o IPC neste caso 7,3.

Dr Domínguez Louro: nos como vimos facendo dende fai tempo co tema da piscina vamos manter a posición e decir que si é regulamentario subir o 7,3 pois entendemos que debe ser así pero tamén decimos que en poucas semanas vamos pagar a empresa 80.000 euros, polo traballo que está feito polo tanto a subida e esto en principio o negocio mal non parece como nos fai ver a empresa cada ano cos seus informes.

Sr Hermida: o noso voto vai ser a favor.

## -----VOTACIÓNS-----

**Sométese á votación a Proposta da alcaldía e resulta aprobada por unha abstención do grupo político BNG (D. Serxio Domínguez Louro) e 11 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.**

**A Sra alcaldesa declara acordado (98.4 do ROF e 23.5 do ROM).**

## DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

3. **Proposta da alcaldía relativa á estimación da solicitude de bonificación do 95% ICIO a instancia de F. M. MOTOR SERVICIOS DEL AUTOMOVIL S.L. EXPEDIENTE Nº: 2021/U022/000014.**

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Economía e Facenda o día luns 26 de decembro de 2022 emitíuse o seguinte **DITAME**:

**“3. PROPOSTA ALCALDÍA relativa á estimación solicitude bonificación 95% ICIO a instancia de F. M. MOTOR SERVICIOS DEL AUTOMOVIL S.L. EXPEDIENTE Nº: 2021/U022/000014.**

Considerando a seguinte:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## “PROPOSTA ALCALDÍA

**ASUNTO:** Estimación solicitude bonificación 95% ICIO a instancia de F. M. MOTOR SERVICIOS DEL AUTOMOVIL S.L., con CIF B06840227

**EXPEDIENTE Nº:** 2021/U022/000014.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando os escritos presentados por D. Emilio García Baña, con DNI 32839759Z, con NRE 202199900001617 e 202199900001619, de data 7 de outubro de 2021, en representación de F. M. MOTOR SERVICIOS DEL AUTOMOVIL S.L., con CIF B06840227, polo cal solicita a bonificación do 95% do ICIO na Licencia Urbanística de edificación para a CONSTRUCCION DUNHA NAVE INDUSTRIAL DESTINADA A TALLER DE REPARACION DO AUTOMOBIL E COMERCIO POLO MIUDO DE VEHICULOS NA PARCELA Nº 30 DO PARQUE EMPRESARIAL DE CEE, a cal foi concedida por Resolución da Alcaldía nº 1085/2022, do 28 de novembro de 2022.

Visto o informe emitido pola Tesourería Municipal en data 13 de decembro de 2022, que literalmente se reproduce:

## “INFORME PROPOSTA DE RESOLUCION

*Visto o escrito presentado por don Emilio Garcia Baña, actuando en representación de F.M. MOTOR, SERVICIOS DEL AUTOMOVIL, S.L., no que exponen que van a proceder a construción dunha nave industrial destinada a Taller de reparación do automóvil e comercio ao por menor de vehículos, na parcela número 30 do Parque Empresarial de CEE, e rematan solicitando a bonificación do 95% no ICIO,*

*Vista a ordenanza reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, que no artigo 6.- Base Imponible, literalmente, di:*

*“.....Sin perjuicio de lo anterior se establece el siguiente régimen de bonificaciones:*

*a) Las bonificaciones establecidas en este artículo son de naturaleza reglada y tienen carácter rogado debiendo ser solicitadas expresamente por el sujeto pasivo ante este Ayuntamiento en el mismo momento de adjuntar la documentación necesaria para la obtención de la correspondiente licencia.*

*b) Se establece la siguiente bonificación:*

*Construcción, instalación u obras necesarias que se realicen para el desarrollo de actividades en el parque empresarial de Cee que soliciten la licencia de construcción instalación u obra durante el ejercicio 2021: 95%.”*

*Visto que o expediente de solicitude de licenza de obra foi presentado o día 13 de outubro do 2021, solicitando expresamente, ao mesmo tempo, a bonificación contemplada na ordenaza, esta Tesoureria,*

*INFORMA, que procede aplicar a bonificación contemplada no Ordenanza Fiscal, dado que a solicitude de obra e bonificación, tuvo entrada no mes de Outubro do 2021.*

*E canto informo aos efectos oportunos.*

*A TESOUREIRA*

*Asdo. dixitalmente”*

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente **PROPOÑO** ao PLENO da CORPORACIÓN a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Estimar a solicitude efectuada D. Emilio García Baña, con NRE 202199900001617 e 202199900001619, de data 7 de outubro de 2021, en representación de F. M. MOTOR SERVICIOS DEL AUTOMOVIL S.L., polo cal solicita a bonificación do 95% do ICIO na Licencia Urbanística de edificación para a CONSTRUCCION DUNHA NAVE INDUSTRIAL DESTINADA A TALLER DE REPARACION DO AUTOMOBIL E COMERCIO POLO MIUDO DE VEHICULOS NA PARCELA Nº 30

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



DO PARQUE EMPRESARIAL DE CEE, dado que procede a bonificación ao estar incluídas nas circunstancias indicadas na Ordenanza Fiscal, reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras e de conformidade co informe de Tesourería transcrito na parte Expositiva.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación expresa de que contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Pleno deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

**TERCEIRO.-** Dar traslado do acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.

Asinado dixitalmente ao marxe.  
Alcaldesa do Concello de Cee.  
Margarita Lamela Louzán.”

**Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente por unanimidade dos asistentes á sesión.**

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

-----INTERVENCIÓNS-----

Intervén a Sra alcaldesa e di que xa coñecen a proposta é a bonificación do Icio do 95% conforme foi aprobado polo pleno.

Sra Iglesias Lema: como xa está establecido se trata que cantas mais empresas para o polígono mellor para o pobo e o noso voto vai ser a favor.

Sr Domínguez Louro: vamos votar favorablemente e recordar que o cambio debería ser tamén para educación que xa temos discutido a rebaixa para edificios como o último de Euxenio López, para que esas asignacións que veñan da xunta sexan mais áxiles e rinda o diñeiro moito mais.

Sr Hermida : o noso voto vai ser a favor

-----VOTACIÓNS-----

**Sométese á votación a Proposta da alcaldía e resulta aprobada por unanimidade dos concelleiros/las presentes na sesión plenaria (12).**

**A Sra alcaldesa declara acordado por unanimidade (98.4 do ROF e 23.5 do ROM).**

**B) PARTE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.**

4. **Dar conta de Resolucións da Alcaldía para coñecemento: Da Nº 1071/2022 do 18 de novembro á Nº 1170/2022 do 22 de decembro.**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Quedan enterados/as.

5. **Dar conta da MEMORIA DA ALCALDIA co fin de dar cumprimento ao artigo a 11 de plan estratéxico de subvencións 2022 aprobado polo Pleno da Corporación. Expediente N°: 2022/X999/000018.**

Quedan enterados/as.

6. **Dar conta de conformidade co establecido no artigo 25 do ROF (Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro):**

- **Escrito do grupo político IXCee con NRE 2990 de data 2 de novembro**

Quedan enterados/as.

- **Escrito do grupo político PP con NRE 3356 de data 15 de decembro.**

Quedan enterados/as.

7. **Mocións de urxencia.**

Intervén a concelleira D<sup>a</sup> Emilia M<sup>a</sup> Trillo Lojo e di que queren presentar unha moción sobre o Hospital Virxe da Xunqueira, primeiro votamos a urxencia, a xustificación é a situación actual que cremos non se pode esperar mais.

## **INCIDENCIA**

### **FAI ENTRADA NO SALÓN DE PLENOS D. CÉSAR PÉREZ MARTÍNEZ ÁS 20:05 HORAS.**

Sométese á votación a **URXENCIA** e resulta ratificada por **UNANIMIDADE**.

### **A Sra concelleira procede a lectura:**

“O Grupo Municipal Socialista ao amparo do vixente Regulamento presenta para o seu debate e aprobación no Pleno, a seguinte Moción relativa á situación da sanidade pública no Hospital Virxe da Xunqueira de CEE

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A saúde é un ben básico de todos os cidadáns e a súa protección e un dereito constitucional recoñecido no noso país, cuxos principios fundamentais son a universalidade, equidade, gratuidade, financiamento e provisión pública.

Parece que foi onte cando se inaugurou o Hospital Virxe da Xunqueira, pero a realidade é que xa pasaron máis de 25 anos, cando o Concello puxo a disposición da Consellería de Sanidade os terreos, pasando a ser Cee o punto de referencia da comarca en materia sanitaria.

En data 20 de setembro de 2016 o grupo socialista de Cee presentou unha moción facéndose eco das demandas de profesionais como de usuarios do hospital, atendendo dende a Consellería de Sanidade parte de ditas peticións.

Por todos é coñecido que o fin da sanidade pública debe ser o benestar da cidadanía. Nos últimos meses produciuse unha merma nos servizos que antes tiñan un funcionamento axeitado, e pese as promesas dende a Consellería de Sanidade de dar solución os problemas existentes, a realidade é que cada día se agravan como a continuación se detalla:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



**1.- DERMATOLOXÍA:** Dende o mes de Agosto non hai Dermatólogo/a no hospital, tendo que desprazarse tódolos pacientes ó hospital de referencia.

**2.- PSIQUIATRÍA :** Servizo que leva con carencias moito tempo e que paradóxicamente seguen sen resolverse a pesares de que acaba de ter lugar unha Oferta Pública de Emprego.

**3.- OTORRINOLARINGOLOXÍA:** Pasouse de ter un servizo a tempo completo a que só se atenda dous días a semana.

**4.- MEDICINA PREVENTIVA:** Un servizo que está tendendo a desaparecer xa que só acude de forma esporádica e non programada unha profesional desprazada dende a Coruña co que os controis de contaminación de filtros, augas, vacinacións e consultas

de tuberculose fanse dunha forma non sistemática, co conseguinte aumento de riscos para usuarios e traballadores.

Por outra banda é necesario a:

**IMPLANTACIÓN DO SERVIZO DE CARDIOLOXIA E ECOCARDIOGRAMAS.-** O hospital carece de servizo de cardioloxía, son numerosas as promesas da súa implantación para consultas, a realidade é que o tempo pasa e non se implanta dito servizo.

É necesaria a súa implantación polo menos para consultas e realización de probas como ecocardiogramas. Dito servizo é básico non só no tratamento do seus propios enfermos, senón tamén no de pacientes ingresados noutros servizos do hospital que, con frecuencia, PRESENTAN patoloxía cardiovascular asociada á que motivou o seu ingreso.

**AMPLIACIÓN DO SERVIZO DE NEFROLOXIA.-** Se ben é certo que se ampliaron as prazas de hemodiálise segue habendo unha demanda non atendida xa que que o servizo só funciona 3 días á semana.

**AMPLIACIÓN DO PERSOAL NA ÁREA DE DIXESTIVO.-** A lista de espera para probas endoscópicas é alarmante.

**AMPLIACIÓN A TEMPO COMPLETO DO SERVIZO DE REANIMACIÓN POSTOPERATORIA.-** Estanse a derivar moitos pacientes ao Hospital de referencia cando poderían ser operados en Cee, xa que as persoas que poidan precisar máis dun día de reanimación non poden ser atendidos neste hospital.

E xa fóra do ámbito asistencial e dentro da salubridade e do coidado estético é chamativo o aspecto exterior do hospital. Novamente foron numerosas as promesas dende a Consellería de Sanidade da execución da limpeza do hospital, chegando a realizar un estudo do seu coste. A realidade é que o tempo pasa e o hospital segue sen limpar.

É por todo isto que o grupo municipal socialista do Concello de Cee presenta a seguinte MOCIÓN para seu debate e aprobación no Pleno.

Polo que se **SOLICITA** ó pleno da Corporación de Cee que se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Instar, de xeito urxente, á Consellería de Sanidade , dependente da Comunidade Autónoma de Galicia para que proceda a realizar as xestións necesarias adoptando os acordos pertinentes para dar solución á situación sanitaria exposta na parte dispositiva da presente moción e que se concretan en:

- Ampliación do servizo de reanimación a tempo completo
- Incorporación dun novo turno de hemodiálise
- Implantación do servizo de cardioloxía
- Ampliación do servizo de dixestivo
- Reapertura do servizo de dermatoloxía
- Apertura do servizo de psiquiatría de luns a venres.
- Atención do servizo de otorrinolaringoloxía de luns a venres
- Presenza dun profesional de medicina preventiva de forma programada tódalas semanas.
- Limpeza da fachada do hospital e búsqueda dunha solución permanente.



2º.- Para o caso da súa aprobación dar traslado do acordo que se adopte co texto íntegro da presente moción á Consellería de Sanidade.”

## -----INTERVENCIONS-----

Sra Díaz Mejuto: nosotros acabamos de leer la moción hay cosas que tendríamos que consultar arriba también es cierto que sabemos que se están teniendo consultas con la consellería y muchos de los puntos que se piden, no todas pero si muchas de ellas el conselleiro está ya al tanto de ellas porque desde el PP también se le han trasladado, la limpieza de la fachada del hospital si que es verdad que se va hacer, lo dijo el conselleiro la última vez que vino a Cee y sí se está buscando una solución permanente, el resto entendemos que todos queremos lo mejor para el hospital y evidentemente estamos a favor.

Sra Iglesias: evidentemente coa exposición de motivos como di a da compañeira non se pode dicir que non pero está demostrado que é un problema non so no hospital de Cee é nacional que non hai médicos en atención primaria e tamén fora de España, vimos que fai días se manifestaban en Francia por falta de profesionais entendo que todas estas cousas son necesarias pero non sei si un dermatólogo pode vir aqui de luns a venres, permanentemente, porque non sei si o hai, terán que facilitarlle, creo que en eso están, o ingreso aqui, porque si traballo nunha cidade non quero e desplazarme a un pobo, a exposición de motivos é correctísima pero non atañe so a Cee e polo tanto o noso voto vai ser abstención, nin a favor nin en contra.

Sr Domínguez Louro: coincidimos coa exposición de motivos e os puntos a chegar a acordo, imos votar a favor en canto o servicio de dermatoloxía hai adxudicada unha praza para que a persoa a dermatólogo se incorpore nun mes aqui, o seu posto de traballo pero agarrouse a unha comisión de servicios e está prestando servizos e pasando consulta no Abente y Lago estamos sempre nas mesmas, quen é competente é a Xunta de Galicia e terá que pillar o toro polos cornos dunha vez e facer que os profesionais veñan aqui sempre nos agarramos a que non hai profesionais, a verdade e que moitos dos homes e mulleres que estudan medicina acaban en Londres, en Berlín en calquera parte de Europa menos no estado español e no noso pais, si hai un problema o goberno da xunta e estado terán que asumir o problema e non deixar que pase o que está pasando, hai estes días acudin o CHUAC e hai unha ampliación prevista e protestas da xente que vive o lado, e poñían mais profesionais menos cemento, esa é a realidade, se pretende centralizar nas grandes cidades e deixar nas comarcas como o noso apartados das grandes urbes polo tanto evidente que hai un problema e hai que buscar unha solución e por suposto a xunta que é a competente e os gobernos sucesivos que veñan o estado español terán que volver a sanidade que cubran as prazas vacantes porque senón a realidade é esta que estamos a ver mentras eso pasa non temos servizo dermatoloxía do que antes falaba, casos coma unha Sra que se puxo en contacto con nos fai un par de semanas que cunha pensión de 700 euros tivo que ir a unha consulta o Abente y Lago e gastar 200 euros no transporte, poñamos a pensar rápido que significa ter que gastar eses 200 euros, supoño que as contas son fáciles de facer en calquera caso estamos de acordo coa moción e tódalas demandas e incluso poderíanse ampliar, aproveito para facer a pregunta de si dende a alcaldía se estableceu contacto coa consellería co propio conselleiro para esa reunión como falamos no ultimo pleno.

Sra alcaldesa: si, foi solicitado temos o remitiremos por correo electrónico en como foi enviada o dia que foi enviada e que a dia de hoxe non recibimos ningún tipo de resposta por parte da consellería.

Sr Hermida: pola nosa parte votamos a favor todo o que sexa mellora.

## -----VOTACIONES-----

**Sométese á votación a MOCIÓN e resulta aprobada por 3 abstencións do grupo político IXCee e 10 votos a favor dos restantes concelleiros/as presentes na sesión.**

### 8. Rogos e preguntas.



Sra Díaz Mejuto: nos comentan los vecinos que desde el instituto Agra de Raíces desde el centro el portalón donde entran alumnos y portalón donde se entra al parking de profesores pues discurre agua y que corre hacia la calle Buenaventura Castro Rial, echarle un vistazo si se puede solucionar. En Camiños Chans presentaron quejas por un problema de ratas y no se le dio respuesta.

Sra. Alcaldesa: llamamos a Sysdegal.

Sra Díaz Mejuto: pues lo dijeron ayer y algunas con problemas de ratas en casa, también que en la pista de Camiños Chans una portería se cambió la red pero el travesañó está podre y puede ser un peligro .Por último los vecinos y vecinas de Cee hemos recibido la felicitación del año nuevo no sabemos si por parte de la Sra alcaldesa, concello, Psoe, no voy a entrar, es una felicitación y en estas fecha es lo más normal, lo que nos preocupa es el mensaje a través de la felicitación porque yo que estoy en política, se y digo estas obras de inversión del 2019 al 2022 no las ha hecho la Sra alcaldesa solo ni el gobierno solo, pero quizás algún vecino que no esté en política porque no le guste o no ha escuchado los pleno se puede llevar un mensaje equivocado, quiero aclarar que el balance de inversión del 19 al 22 son obras que se realizan por toda la Corporación, que se constituye por 3 concejales de IxCee, 2 BNG, 1 Ciudadanos, 4 Psoe y 3 PP, con 4 no se puede hacer la retaña de obras que pone ahí, queríamos dejarlo claro por si ha un despistado y lleva un mensaje erróneo en la felicitación navideña.

Sra alcaldesa: cual es el ruego o pregunta?

Sra Díaz Mejuto: solamente aclararlo lo que está pasando y darle las gracias por la felicitación.

Sra alcaldesa: de nada, en ruegos y preguntas hay que ceñirse a ruego o pregunta.

Sra Díaz Mejuto: yo puedo traer lo que considero que está afectando a los vecinos de Cee y para mi afecta, yo puedo hacer los ruegos y preguntas que considere y dentro de mi ruego le ruego que diga la verdad a los vecinos de Cee

Sra alcaldesa: está dicha la verdad en la felicitación.

Sra Díaz Mejuto: no dice verdad ni mentira, yo no se cual es la diferencia entre decir la verdad, decir una mentira o no decir una verdad no se cual es la diferencia, usted pone todo esto y una persona que no está aquí sentada y no está en la vida política.

Sra alcaldesa: que hizo usted de esto? salvo aprobar las obras del POS hizo algo más?

Sr Domínguez García: la obra de carburos metálicos.

Sra alcaldesa: no está puesta, está la calle.

Sra Díaz Mejuto: si está y también la de Muxía que casi es el 90 % de Muxía, la plaza Ketty Quintana que no está ejecutada, mellora da estrada de acceso a Cee pola fábrica.

Sra alcaldesa: esa no es la del talud.

Sra Díaz Mejuto: lo único que intentamos decir es que las obras se hacen con consenso de toda la oposición, no se ría porque el respeto que pide usted a los demás téngalo a mi persona, las obras que se hacen aquí se hacen por consenso de toda la Corporación, no digo que diga que las hizo el PP o IXCee o Bng o Ciudadanos o usted, digo que diga la verdad que hay obras que trae e IXCee, o PP, Bng, Ciudadanos, Psoe y entre todos vemos cuales sacamos adelante porque todas son necesarias, todas solo que diga la verdad si la felicitación hasta me gusta pero el mensaje es en lo que nosotros discrepamos.

Sra Iglesias Lema: vaime ben a intervención da compañeira do PP xa dixen unha vez, vamos a contar mentiras tralará e seguimos, ben entonces esto ven ben polo tema de madrugadores, Ceediño o outro día saíndo da piscina comentoume unha nai da AMPA que parece ser que Vde reuniuse con duas ou tres nais ou pais e dixolles que non podía continuar co servicio de madrugadores si non aprobabamos o presuposto, o cal sabe perfectamente que é mentira, voulle decir ata que me canse, Vde pode facer como fixemos os demais sin aprobar o presuposto, cando





estaba sentada aquí, Vde pode manter madrugadores e dille si non aproba non pode manter o servizo pero si aproba o presuposto abaratar o coste vamos facer campaña e contamos mentira e sinon mire como lle dixeran no pleno dos presupostos que non aprobou pq descoñece Vde o procedemento que si fose eu sería mais comprensible pero no seu caso é mais grave tanto a expulsión como a votación foi todo un descoñecemento do procedemento en toda regra, si xente que tiña tres salarios, dous corporativos e un eventual, un dos motivos polos que non aprobamos o presuposto, un destes tres soldos pode ir para alí as 7 da mañá, non lle diga que os madrugadores non van continuar porque a oposición non aproba o presuposto. Por outra parte aproveito que é unha pena que despois do que pasou neste pleno ningúen fose capaz de pedir disculpas pero deso xa falaremos, outra pregunta a factura do empresario que mandaron de volta está arreglado?

Sra alcaldesa: si

Sra Iglesias Lema: sempre se di que unha retirada a tempo é unha victoria, chegaron as alegacións?

Sra alcaldesa: si claro, evidentemente.

Sra Iglesias Lema: logo, con respecto a asociación de festas da Xunqueira de Cee nas resolucións da alcaldía de este pleno no folio 69 aparece que a asociación presentou por rexistro de entrada o 10 de novembro a solicitude de inscrición no rexistro de asociacións do concello e fixose efectiva o 1 de decembro co número de rexistro 85, Vde dixo os hostaleiros e cando falo de hostaleiros vou facelo como dicían o outro día aquí Vde e a súa compañeira si falaba dos de aquí e dixeranlle con todos e agora falo como dicía Vde si falaba dos de aquí pero Vde cando se reúne reunese cos de aquí non cos da periferia, con estes de aquí dixolle polas festas da Xunqueira que creía que estaba constituída a asociación que o creía non que o sabía, sabendo que foi o día 11 Vde doulle autorización? E si non lla dou como permitiu a montaxe? En base a que criterio?

Sra alcaldesa: a asociación estaba en tramitación e para montar unha cantina non é necesario que esta rexistrada, foi consultado e así e montaron a cantina.

Sra Iglesias Lema: Onde foi consultado?

Sra alcaldesa: foi consultado presentaron a documentación pertinente se lle deu permiso pasando os filtros correspondentes legais.

Sra Iglesias Lema: Sabemos algo da obra de Toba de viais de abaixo?

Sra alcaldesa: No mes de xaneiro, presentaron modificado e en xaneiro teremos que traelo a pleno a aprobación en contía superior.

Sra Iglesias Lema: Na festa de fin de ano mañá o horario ampliouse dúas horas ata as 6.30 da mañá, vai haber mercadillo?

Sra alcaldesa: Non.

Sra Iglesias Lema: Un rogo xa o outro día o compañeiro de cidadanos comentou o das luces de Pereiriña nunha comisión, estivemos sen luz en Pereiriña, Vilanova na entrada de Cee a verdade que foi o mandato do aforro enerxético e este ano temos unhas luces moi boas porque este ano apagase unha e encéndese outra, entón onte en Vilanova estaban outra vez sin luz, o rogo xa que este ano nas festas do nadal meteu case 40000 euros case como na Xunqueira a ver si temos luces ata o día de reis, iso é todo pola nosa parte

Sr Domínguez Louro: varias cousiñas, primeiro pedirlle, un rogo a petición que a redes sociais a cal se paga a unha persoa unha cantidade importante o ano para que as leve pois que nelas figure os días antes dos plenos a convocatoria dos mesmos para que si a veciñanza decide vir a eles que teña a información precisa, eso por un lado, por outro, na entrada a Fadibón entrando a man dereita hai pintada unha liña amarela xusto o lado dunha casa de pedra e consideramos que esta ben pintada ali porque si se aparcan coches o final non se conseguiu con aquela obra que era a intención da obra foi



e é que a saída de Fadibón non sexa perigosa porque está entre dúas curvas na 550 e decimos que esa liña está pintada e está ben pintada pero consideramos que sería bo continuala uns metros mais porque dase o caso a veces de aparcar alí coches e o que pasa é que cando sae un camión grande estamos exactamente o mesmo que antes e si cadra que saia un camión e entra un coche ou un vehículo calquera pode pasar perfectamente que o coche que entre quede no medio da estrada e provocar un accidente entón consideramos dende o Bng que sería bo pintar ea liña uns metros mais para dentro para que ningún aparque alí. Falando de aparcamentos, no edificio Montañés que creo que é ese o nome pero non estou seguro, en calquera caso explico, na entrada entre o Parrulo e Cadena 100 na rúa que se renovou a principios de mandato, é verdade que se mellorou todo o que pasaba naquel momento pero sigue habendo problemas de estacionamento e os donos dos aparcamentos dese edificio a veces encóntranse con moita dificultade para saír ou entrar porque están mal estacionados, hai unha sinal, non se debería aparcar pero o problema está aí e habería que darlle unha volta, vixiar un pouco mais e se persiste no tempo haberá que buscar unhas solucións mais actuais, por uns pivotes que se podan subir e baixar porque a xente a veces e imposible entrar ou saír ou moitas dificultades, sería bo facer iso en canto a Fadibón tamén e Estorde, Fadibón xusto cando remata o asfaltado 30 ou 40 m hai unha bifurcación e un par de baches que sería bo tapalos, son pequenos, sería bo tapalos porque a estreitez da rúa é moita e é imposible non pillalos, en Estorde subindo cara escola pasa practicamente o mesmo, un cambio dunha estrada a outra, dunha vía a outra, as rodas dos coches sofren moito e mais arriba exactamente igual porque se levantou o formigón sería bo pasar por alí e velo e darlle unha solución. Varias preguntas en Cabaleriza retirouse unha marquesiña que estivo sempre alí onde collían os nenos os buses agora están os contedores da basura, a pregunta é porque se retirou a marquesiña e se puxeron contedores. En canto a factura que acaba de preguntar a portavoz de IX Cee non me quedou claro que pasou con ela, Vde di que está solucionado pero gustárame saber que pasou si neses 10 días presentaron as alegacións.

Sra alcaldesa: está pagada.

Sr Domínguez Louro: podemos saber porque tiveron que facer as alegacións e en que se basea o cambio de idea do goberno para pagar unha factura que antes non ía ser pagada.

Sra alcaldesa: Presentaron unhas alegacións xustificando que se había feito por uns traballadores un encargo concretamente mirar para poder dar un presuposto e tiveron que sacar unha serie de pezas do que era e iso convela consigo un custe.

Sr Domínguez Louro: en calquera caso considero que non tiñamos que chegar a este punto porque esta explicación que da seguramente o empresario a dou antes perfectamente e non entendo porque temos que chegar a que un empresario que traballou e traballa para o Concello que nos pode quitar dun apuro teña que presentar alegacións para cobrar esa factura, supoño que agora teremos duas bombas no sitio dunha.

Sra alcaldesa: non se chegou a reparar esa bomba, tivo que comprarse outra porque houbo outra peza que se estropeou a maiores, non hai esa bomba esa bomba non se chegou arreglar.

Sr Domínguez Louro: entón falla algo do procedemento cando gastamos 900 euros dunha bomba que non se chega a reparar.

Sra alcaldesa: esa factura non é de reparación de bomba foi o traballo que tuvo que realizar para poder dar o presuposto para poder facer unha reparación que o final non se fixo porque houbo que comprar unha nova.

Sr Domínguez Louro: repito que algo falla no procedemento

Sra alcaldesa: Calquer traballador cando se vai realizar calquera encargo hai que facer unha retención de crédito, non estaba feita e chega esa factura evidentemente non se sabe o motivo ou razón e por eso se piden as alegacións correspondentes e comprobouse que tiña razón pagouse e xa está non hai problema.

Sr Domínguez Louro: Sigo dicindo que algo falla, por último acabamos de ter unha comisión as 7.30 onde acordamos dunha maneira pois bastante rápida, bastante áxil outra vez durante catro anos consecutivos as obras do POS e quero felicitar a toda corporación e o goberno tamén e o esforzo que



fixemos todos para chegar a ese acordo digo que xa o levamos facendo dende fai tempo pero nos cuentan que para poñernos en situación vai sair adiante a renovación Berroxe Ameixenda que quedara pendente noutro POS e que xa fora traída como proposta noutros, en calquer caso parece ser que Vde estando en Berroxe lle dixo os veciños que esa estrada non estaba feita porque o PP, IXCee e Bng non votaran a favor, entón desmentir que se votara ou non porque non houbo ningunha situación de votación ante esa obra e segundo, que non é así porque nunca se tratou nin para votala nin para non votala para que lle quede claro a xente o que se fixo hoxe é traer aquí propostas de obras valoradas e cos números tratar de chegar a un acordo porque a veces os acordos non son nin os que consideramos senón unha cuestión numérica porque si non se conta toda a verdade tampouco se conta ou si se din medias verdades tamén se din medias mentiras que é o que decía a concelleira do PP en canto o que ten a ver co calendario famoso, pola nosa parte nada mais.

Sra alcaldesa: soamente contestando en si o ultimo rogo que fai respecto a obra de Berroxe Ameixenda trouxose polo menos 3 anos seguidos e o goberno sempre propuxo esa obra e nunca foi aceptada pola oposición porque pola maioría se adoptaron outras en base a criterios numéricos ou consideraron que eran preferentemente unha que outras, se pode comprobar que esta pista xa tiña que estar executada con anterioridade, o estado e lamentable pero por motivos se deron preferencia a outras obras que foron consensuadas evidentemente por todos pero por parte do goberno sempre houbo unha proposta firme de esa obra de Berroxe Ameixenda

Sr Domínguez Louro: mire

Sra alcaldesa: unha cuestión que vou deixar clara, o artigo 23 do ROM, o 22 con respecto a rogos e preguntas, é para facer o rogo e a pregunta e pola alcaldía contestar, non é obxecto de debate, se está permitindo entrar nun debate cando concretamente son rogos e preguntas senón lede o artigo 22 do ROM que temos aprobado, rogos e preguntas son rogos e preguntas e contesta alcaldía non son obxecto de debate.

Sr Domínguez Louro: eu xa lle teño dito moitas veces que non veño a este Pleno que eu non veño aquí a rogar a ninguén nin eu nin ninguén dos que estamos aquí representando forzas políticas e si se quer facer unha reflexión se fai e nada mais, é a cousa mais democrática que pode existir é certo que desde que empezamos este mandato hai espazos democráticos que se abandonaron acabamos de tratar unha moción que non teño problema en tratala pero si se tivera presentado antes como se facía nos anteriores mandatos chegaríamos aquí para ter un debate mais enriquecedor da situación e cando digo esa moción que o seu grupo acaba de presentar falo de cando as presenta o Bng tamén que é así pero a realidade é que Vde impuxo que non se podían traer e agora que estamos acabando tamén nos di como temos que facer os rogos e preguntas pois de verdade que non sei, quedo un pouco sorprendido ou non tan sorprendido realmente me parece lamentable que se nos chame sempre atención por facer por no facer porque todo o libro vai cando ten que ir cando non vai non vai, en fin.

Sr Hermida Fandiño: respecto as ampliacións dos horarios preguntabanme moitos hostaleiros que días en concreto había si era fin de ano, para vispera de reis.

Sra alcaldesa: para as festas.

Sr Hermida Fandiño: Nada mais.

Ás 20:40 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán.